

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 30 DE OUTUBRO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día trinta de Outubro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 23 de Outubro pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don Felipe Rodríguez Miguélez**, veciño de Francelos, para que nunha finca da súa propiedade sita na Estrada de Filgueira, do devandito lugar, poida construír a edificación de nave para almacén de panadería; poderase construír a edificación segundo definición de proxecto técnico presentado e non se poderá comeza-la actividade de Forno-Panadería sen a obtención da

licencia municipal para a actividade; deberase tramitar separadamente o expediente para a actividade; o punto de auga en zona de obrador será con pulsador de piso; dotarase á actividade de espazo para gardarroupa do persoal; o combustible será leña sen mezcla con produtos de elaboración industrial que desprendan gases tóxicos. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 217.764 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don Francisco Javier Rodríguez López, veciño do Carballiño, con domicilio na rúa Alberto Vilanova, nº 1, no que interesa información urbanística aplicable a un solar (b+1) sito na rúa Ribeiro, nº 25, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di o seguinte: "No lugar de referencia atópase edificado un inmovible de B+1.- Calificación urbanística: Concurrencia de ordenanzas en tanto non se resolva o PERI correspondente.- Area delimitada por trazos correspondente a ZP/CHA, zona de protección do Conxunto Histórico Artístico.- Ordenanza 4.0 C.A, Casco Histórico.- Ordenanza 4.8 C.U.; Conxunto urbano con conservación parcial de carácter.- "4.8.- ORDENANZA CU: CONXUNTO URBANO EN CONSERVACION PARCIAL DE CARACTER.- 4.8.1.- DEFINICION.- Espacio, xeralmente en ordenación cerrada con patios interiores.- Está constituída por edificios antigos e representativos do carácter da urbe sendo preciso no mesmo unha conservación total ou parcial de dito carácter tradicional.- 4.8.2.- AMBITO TERRITORIAL.- O sinalado no plano de organización espacial.- 4.8.3.- NORMAS DE USO.- 4.8.3.1.- USOS ADMITIDOS.- Residencial: vivenda agrupada.- Industria e almacén: Talleres domésticos e artesanais así como almacéns compatibles ou conviventes coa vivenda.- Comercial: comercio de calquera clase, de 1º grao asimilable á ordenación cerrada.- 4.8.4.- NORMAS DE VOLUME.- 4.8.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Aliñacións e rasantes: as de planeamento.- 4.8.4.2.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- As alturas de cornisa e plantas máximas admitidas no núcleo antigo, edificado en máis das dúas terceiras partes, será a media dos edificios existentes, determinada sobre a fronte de mazá ou praza na que estea enclavado.- O fondo máximo para calquera altura será de 15 metros".- Alturas baixo máis tres altas". Esta Comisión

aproveita esta oportunidade, para pór no seu coñecemento que, se remite o expediente á Comisión de Patrimonio, ós efectos de que por este Organismo se emita o correspondente informe.

Visto o escrito de Don Joaquín Ribeiro de Almeida, na representación de Corchos Almeida S.L., con domicilio en Ventosela, no que interesa legalización de dúas naves no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "Calificación urbanística.- A ubicación urbanística corresponde a solo clasificado como núcleo rural de Ventosela regulado pola Ordenanza 4.11 SU/NR: solo urbano en núcleos rurais.- "4.11.- ORDENANZA SU/NR: SOLO URBANO EN NUCLEOS RURAIS.- 4.11.1.- DEFINICION.- Solo urbano ocupado por núcleos rurais, é dicir, asentamentos de poboación superior a 50 habitantes e constituídos por áreas consolidadas pola edificación ó menos na metade da superficie e formados por terreos agrícolas con uso dominante ó da vivenda familiar, edificacións agrícolas e dotacións propias da vida do núcleo, dispoñendo ó menos de acceso rodado, enerxía eléctrica e abastecemento de auga e saneamento en condicións sanitarias adecuadas.- 4.11.2.- AMBITO TERRITORIAL.- O sinalado no plano correspondente.- 4.11.3.- NORMAS DE USO.- 4.11.3.1.- USOS ADMITIDOS.- Vivenda familiar illada ou en liña.- Explotacións agrícolas, pecuarias ou forestais.- Os comerciais, culturais, relixiosos, deportivos, sanitarios de reunión, etc., ó servicio da vida do núcleo, así como industrias ou talleres conviventes e compatibles.- Industrias vinculadas a depósitos. Construccións ou instalacións vinculadas ás obras públicas.- Edificacións de utilidade pública ou social.- 4.11.4.- NORMAS DE VOLUME.- 4.11.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- En ordenación aberta: retranqueo frontal mínimo de 5 metros ou o indicado en SNU/PV: Restantes retranqueos, tres metros.- En ordenación cerrada: a definida por aliñación estable.- 4.11.4.2.- CONDICIONS DE PARCELACION.- Parcela mínima: uso de vivenda: ordenación aberta: 300 m2.- Ordenación cerrada, fronte mínima de 6 metros e fondo mínimo, 10 metros.- Usos menores, sen límite.- Outros usos, igual ca vivenda.- 4.11.4.8.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima: uso de vivenda, dúas plantas ou 8 metros.- Usos menores: unha planta ou 5 metros.- Outros usos: os que requira a explotación ou proceso debidamente xustificado.- 4.11.4.4.- EDIFICABILIDADE.- Edificación: 0,50 m2/m2 sen sobrepasa-la superficie, edificación cerrada: a edificación poderá ocupar en altura un fondo máximo de 16 metros.- O resto da parcela poderá cubrirse nunha profundidade máxima do triple do fondo da edificación en altura".- A legalización será posible, se a obra se acomoda ó que prescribe

a ordenanza 4.11".

Examinado o expediente promovido por Don Francisco Adalberto Claudio Vázquez, na representación da Empresa UTE-MELON, en virtude da instancia nº 2.277 de data 9 de Agosto de 1995, solicitando licenza temporal para instalación, apertura e funcionamento dunha planta de machaqueo no término de A Grova deste municipio, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información públicas así coma notificacións persoais ós veciños inmediatos incorporando os informes do Xefe Local de Sanidade e do técnico municipal.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico cumpre a normativa vixente e que en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadana e a súa adecuación ó medio ambiente, suxeitarase ó informe que emita a Comisión Provincial de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asinado para a zona no Planeamento Urbanístico e CONSIDERANDO: que na zona e nas súas proximidades non existen outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.- Visto o Decreto nº 2.414/61 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza temporal instada por Don Francisco Adalberto Claudio Vázquez, na representación da Empresa UTE-MELON para instalación dunha planta de machaqueo no lugar da Grova, deste municipio, xa que no expediente observáronse tódolas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, ós efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa calificación da actividade.

Examinado o expediente promovido por Don Francisco Adalberto Claudio Vázquez, na representación da Empresa UTE-MELON, en virtude da instancia nº 2.277 de data 9 de Agosto de 1995, solicitando licenza temporal para instalación, apertura e funcionamento dunha planta de aglomerado asfáltico no término de A Grova deste municipio, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información públicas así coma notificacións persoais ós veciños inmediatos incorporando os informes do Xefe Local de Sanidade e do técnico municipal.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico cumpre a normativa vixente

e que en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadana e a súa adecuación ó medio ambiente, suxeitarase ó informe que emita a Comisión Provincial de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asinado para a zona no Planeamento Urbanístico e CONSIDERANDO: que na zona e nas súas proximidades non existen outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.- Visto o Decreto nº 2.414/61 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza temporal instada por Don Francisco Adalberto Claudio Vázquez, na representación da Empresa UTE-MELON para instalación dunha planta de machaqueo no lugar da Grova, deste municipio, xa que no expediente observáronse tódolas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, ós efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa calificación da actividade.

Visto o escrito de Don Modesto Fernández Fernández, veciño de Saa, do Concello de Carballeda de Avia, no que prega se lle conceda a acometida de auga para uso doméstico nunha vivenda da súa propiedade sita no 1º piso do núm. 7 da rúa Maquiás, desta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servicio; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Modesto Fernández Fernández, veciño de Saa, do Concello de Carballeda de Avia, no que prega se lle conceda a acometida de auga para uso doméstico nunha vivenda da súa propiedade sita no 2º piso do núm. 7, da rúa Maquiás, desta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servicio; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Modesto Fernández Fernández, veciño de Saa, do Concello de Carballeda de Avia, no que prega se lle conceda a acometida de auga para uso doméstico nunha vivenda da súa propiedade, sita no 3º piso do núm. 7, da rúa Maquiás, desta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do

Sr. Encargado do Servicio; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Dona Cristina Depedre Salgado, veciña de San Cristovo, no que prega se lle conceda a acometida de auga para uso doméstico nun galpón da súa propiedade, na rúa do Cemiterio do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servicio; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público seguintes: Abastecemento de San Paio; fonte da Oliveira; Fonte da Prata; e, Adegas Freijido.

Do Goberno Civil, comunicando imposición de sancións a establecementos públicos; expedientes números: 503/95 e 437/95.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á factura presentada por Decoracións Saguay, para o amoblamento da Biblioteca da Casa de Cultura, por importe 603.250 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda solicitar do INEM ó amparo do Convenio de colaboración social regulado polo Real Decreto 1445/82, un traballador para a limpeza de vías públicas ata o 31 de Decembro de 1995.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE III/A.- Examinado o expediente da obra denominada EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE III/A, e tendo en conta o informe do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a adxudicación

definitiva da contratación da obra EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE III/A (FACHADA E MAMPOSTERIA), segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto, Don Xulio Touza Rodríguez, a CONSTRUCCIONS FIDALGO, con domicilio na Quinza, deste Municipio, polo prezo de 8.579.318 pesetas, IVE incluído, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas.- Na súa consecuencia esta Comisión de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días contados a partir da data da notificación.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE III/B.- Examinado o expediente da obra denominada EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE III/B, e tendo en conta o informe do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a adxudicación definitiva da contratación da obra EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE III/B (FACHADA E MAMPOSTERIA), segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto, Don Xulio Touza Rodríguez, a CONSTRUCCIONS FIDALGO, con domicilio na Quinza, deste Municipio, polo prezo de 12.644.370 pesetas, IVE incluído, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas.- Na súa consecuencia esta Comisión de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días contados a partir da data da notificación.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, faculta ó Sr. Alcalde, Don Jaime Dávila Sánchez, elexido representante desta Entidade Local no órgano colexiado "Fundación Miño", na sesión extraordinaria o 10 de Xullo de 1995, para o otorgamento da escritura fundacional de dito Organismo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se fixeron.

E sendo as oito menos cuarto do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.

